

MODELO DE PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA CONTRATOS DE OBRAS.

PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE

1. Obxecto do contrato.

O contrato terá por obxecto a execución da obra AMPLIACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO EN SANTA CRUZ DE RIBADULLA

O proxecto reúne os requisitos dos artigos 2, 9 e 10 do Real Decreto -Lei 13/2009, do 26 de outubro.

2. Necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato.

Mediante a execución do contrato ó que se refire este prego de cláusulas administrativas particulares mellóranse os déficits de investimentos socio-economicos municipais

3. Orzamento base de licitación.

a) O orzamento base de licitación é de SETENTA E SEIS MIL CATROCENTOS SESENTA E CATRO EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS (#76.464,71#)

b) Da cantidade anterior, correspóndelle en concepto de Impuesto sobre o Valor Engadido: DEZ MIL CINCOCENTOS CORENTA E SEIS EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (#10.546,85#)

4. Anualidades en que se distribúe

O pago das cantidades correspondentes ó orzamento do contrato aboaranse nuna soa anualidade correspondente ó ano 2010.

5. Aplicación presupostaria.

O proxecto finánciase con cargo ó *Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local* creado por el Real Decreto-Lei 13/2009, de 26 de octubre.

6. Réxime xurídico do contrato e documentos que teñen carácter contractual.

Sen prexuízo do disposto con carácter xeral para os contratos das Corporacións Locais, o contrato rexirase polas seguintes normas:

6.1.-Real Decreto-Lei 13/2009, do 26 de outubro, polo que se crea o *Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad local*.

6.2.- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

6.3.- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a lei 30/2007, de contratos do sector público.

6.4.- Regulamneto xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por R.D. 1098/2001, de 12 de outubro, no que non se opoña a Lei 30/2007

6.5.- Resolución da Secretaria de Estado de Cooperación Territorial de 2 de novembro de 2009

Ademais do presente prego terán carácter contractual os seguintes documentos:

- O prego de prescripci3ns t3cnicas.
- Os planos.
- A memoria do proxecto no contido que se determina no artigo 128 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administraciones P3blicas.
- O programa de traballo aceptado polo 3rgano de contrataci3n.
- Os cadros de prezos.
- O documento no que se formalice o contrato.

7. Prazo de execuci3n

O prazo de execuci3n do contrato ser3 de 4 MESES a contar dende o replanteo da obra e concluir antes do d3a 31 de decembro de 2010.

8. Procedemento de adxudicaci3n

O contrato adxudicarase mediante procedemento negociado sen publicidade posto que o contrato at3pase incluído no suposto previsto no artigo 161.2 da la Lei de Contratos do Sector P3blico e o seu orzamento base de licitaci3n, excluído o Impuesto sobre o Valor Engadido, non supera o l3mite de 200.000,- €. De conformidade co disposto no artigo 17.1 do Real Decreto Lei 13/2009 aplicarase o tr3mite de urxencia regulado nos artigos 96 e 128 da LCSP.

9. Gastos a aboar no caso de renuncia ou desestimemento.

En caso de renuncia ou desestimemento, compensarase a cada un dos licitadores polos gastos en que houberse incurrido. Non obstante, esta indemnizaci3n non superará en ning3n caso o l3mite do 2% del prezo de adxudicaci3n

10. Clasificaci3n esixible.

No se esixe

Malia o anterior os licitadores deber3n presentar un compromiso de dedicar ou adscribir 3 execuci3n do contrato os medios personais o materiais suficientes para iso, segundo o establecido no artigo 53.2 de LCSP, dando lugar o seu incumprimento 3s responsabilidades establecidas no artigo 196 da mesma Lei.

11. Garant3as esixibles

Provisional: Non se esixe

Definitiva: O licitador que resulte adxudicatario provisional do contrato deber3 prestar unha garant3a do 5% do importe da adxudicaci3n do contrato, sen incluír o IVE.

12. Presentaci3n de ofertas.

A documentación para as licitacións presentaranse en sobres pechados, identificados, no seu exterior, con indicación da licitación á que concurran e asinados polo licitador ou a persoa que a represente e indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa. No interior de cada sobre farase constar en folla independente o seu contido, enunciado numéricamente.

Os sobres presentaranse nas dependencias ou oficinas designadas no anuncio do contrato, dándolle ó presentador como acreditación recibo no que se fará constar o nome do licitador, a denominación do obxecto do contrato e o día e hora da presentación.

De igual xeito, as ofertas poderán presentarse por correo. Neste caso, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e comunicarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día.

Sen a concurrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora do remate do prezo sinalado no anuncio.

Transcorridos, non obstante, cinco días seguintes á citada data sen terse recibido a documentación, ésta non será admitida en ningún caso.

13. Forma en que deben presentarse as ofertas.

As ofertas presentaranse en tres sobres numerados correlativamente:

A)SOBRE NÚMERO 1. Conterá, de conformidade co disposto no artigo 130 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, a seguinte documentación que deberá reunir os requisitos de autenticidade previstos nas leis:

1º) Documentos acreditativos da personalidade xurídica: Os empresarios individuais, copia auténtica del DNI; los empresarios personas xurídicas, a escritura ou documentos en que conste a constitución da entidade e os estatutos polo que se rixe, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda.

A capacidade de obrar dos empresarios no españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2º) Documentos acreditativos da representación: Cando a proposición non estea asinada polos licitadores deberá engadirse o poder outorgado a favor de quen o quenes suscriban a proposición xunto cunha copia auténtica do Documento Nacional de Identidade do ou dos apoderados.

3º) Documento de compromiso de constituir una Unión Temporal de Empresas: Nos casos en que varios empresarios concurran agrupados en unión temporal achegarán ademais un documento, que poderá ser privado, no que, para o caso de resultar adxudicatarios, se comprometan a constituila. Este documento deberá estar asinado polo representante de cada unha das empresas e nel expresarase a persoa a quen designan representante da UTE ante a Administración para todos os efectos relativos ó contrato, así como a participación que a cada un deles lle corresponda na UTE.

4º) Documento acreditativo de non estar incurso en prohibición de contratar que incluíra a manifestación de atoparse ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5º) Acreditación da solvencia:

A solvencia económica e financeira e a solvencia técnica e profesional do empresario deberá acreditarse, a criterio do órgano de contratación, en función do obxecto do contrato, do seu importe e das características por un ou varios dos medios seguintes:

- Solvencia financeira:

1) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, de ser o caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

Indicar si se opta por este medio, o ámbito e o contido do informe ou o importe da cuantía que debe quedar cuberta polo seguro de riscos profesionais.

2) Conta anuais presentadas no Registro Mercantil ou no Rexistro Oficial que corresponda, puidéndose acehgar como medio alternativo de acreditación os libros de contabilidade debidamente legalizados.

- Solvencia técnica e profesional:

1) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada polos certificados de boa execución para as obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rixe a profesión e se levaron normalmente a bo termo; no seu caso, os citados certificados será comunicados directamente ó órgano de contratación pola autorización competente.

2) Declaración indicando os técnicos ou as unidades técnicas, estean ou non integradas na empresa, dos que esta dispoña para a execución das obras, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente

6º) Documentación adicional esixida a todas as empresas estranxeiras. As empresas estranxeiras, nos casos no que o contrato vaia executarse en España, deberá presentar unha declaración de someterse á xurisdicción dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ó fuero xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponderlle ó licitante.

7º) Domicilio: Todos os licitadores deberán sinalar un domicilio para a práctica de notificacións. Esta circunstancia podrá ser complementada indicando una dirección de correo electrónico e un número de teléfono e fax.

8) Empresas que teñan na súa plantilla persoas con discapacidade ou en situación de exclusión social. Os licitadores que pretendan contar para a adxudicación coa preferencia regulada na disposición adicional 6ª da LCSP, deberán presentar os documentos que acrediten que, ó tempo de presentar a súa proposición, teñen na súa plantilla un número de traballadores con discapacidade superior ó 2 por 100 ou que a empresa licitadora estea dedicada especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social, xunto co compromiso formal de contratación ó que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

B) SOBRE N° 2. Conterá a oferta económica na que se expresará o prezo de execución do contrato debendo figurar como partida independente o importe do Impuesto

sobre el Valor Engadido (IVE). A oferta económica presentarse conforme ó modelo que se incorpore como anexo I.

C) SOBRE N° 3. Inclúranse aqueles documentos que sexan precisos para a valoración dos criterios que dependen dun xuízo de valor. En particular deberán incluírse os seguintes:

- Documentación xustificativa do programa de traballo e protección medioambiental
- Planteamento de seguridade e saúde das obras
- Número total de persoas a ocupar durante a execución da obra, distinguindo os traballadores que están integrados na empresa e que participarán na mesma e os novos contratados para a súa execución.

14. Prazo de presentación das ofertas e demais requisitos das mesmas.

O órgano de contratación deberá convidar alomenos a tres empresas con capacidade e solvencia para executar o contrato para que concurran á licitación. Estas deberán presentar as súas ofertas dentro do prazo de 10 días hábiles dende que se houbese solicitado a oferta.

As ofertas dos interesados deberán axustarse ó previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, e a súa presentación suporá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das citadas cláusulas ou condicións, así como do proxecto e do prego de prescricións técnicas, sen salvidade ou reserva algunha..

As ofertas serán secretas e arbitraranse os medios que garantan tal carácter ata o momento en que deba procederse á súa apertura en público das mesmas.

Cada licitador non poderá presentar mais dunha oferta, senn prexuízo da admisibilidade de variantes ou melloras cando se permita a súa presentación.

Tampouco poderá suscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en mais dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por él suscritas.

15. Criterios para a adxudicación do contrato.

A negociación deberá celebrarse segundo o disposto no artigo 162 da Lei.

Fixadas definitivamente as ofertas dos licitadores, tlogo da negociación, a adxudicación do contrato efectuarase mediante a valoración dos seguintes criterios:

- Volume da man de obra que se utilizará na execución do contrato en función da man de obra contratada e a contratar: ata 6 ptos (Número total de persoas a ocupar durante a execución da obra, distinguindo os traballadores que estean integrados na empresa e que participarán na mesma e os novos contratados para a súa execución)
- Programa de traballo e protección medioambiental: ata 2 puntos
- Plan de seguridade e saúde: ata 2 puntos

16. Variantes

- Los licitadores no poderán proponden variantes ou melloras ó proxecto.

17. Confidencialidade

Sen prexuízo das disposicións da Lei 30/2007, de 30 de outubro, relativas á publicidade da adxudicación e á información que debe dárselle ós candidatos e ós licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ó formular as ofertas, en especial con respecto ós secretos técnicos ou comerciais e ós aspectos confidenciais das mesmas. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento.

De igual xeito, o contratista deberá respectar o carácter confidencial de aquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato ó que se lle houberse dado o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante o prazo de cinco anos dende o coñecemento desa información, agás que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior..

18. Revisión de prezos:

Por aplicación do disposto no artigo 77.1 da Lei en relación coa cláusula 7 non existe revisión de prezos.

19. Apertura da documentación e das ofertas.

a) Para a cualificación dos documentos e o exame e a valoración das ofertas designaranse as persoas que compoñerán a Mesa de contratación de conformidade co establecido na disposición adicional segunda, alínea 10, da Lei de contratos do sector público, agás que considere que ó abeiro do establecido no artigo 295.1 da mesma Lei non é necesaria a súa constitución.

A cualificación da documentación presentada á que se refire o artigo 130.1 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público efectuarase pola Mesa de contratación, cando se houberse constituido. Noutro caso farase polo órgano de contratación, para o cual as referencias ás actuacións da Mesa de contratación que se realizan neste prego entenderanse referidas ó órgano de contratación.

b) Se se observasen defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, comunicaranse verbalmente ós interesados, sen prexuízo de que estas circunstancias se fagan públicas a través de anuncios do órgano de contratación, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores os corrixan ou subsanen ante a propia Mesa de contratación.

Do actuado deixaranse constancia na acta que necesariamente deberá extenderse.

c) Una vez cualificada a documentación e subsanados, de ser o caso, os defectos ou omisións da documentación presentada declararanse admitidos na licitación ós licitadores que acreditasen o cumprimento dos requisitos previos indicados no artigo 130 da Lei facendo unha declaración expresa dos rexeitados e das causas do seu rexeitamento.

21. Adxudicación provisional e definitiva.

A adxudicación provisional acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada na que se concretarán e fixarán os termos definitivos do contrato e se publicará conforme ó establecido nos artigos 42 e 135.3 da Lei de Contratos do Sector Público.

En todo caso, a adxudicación provisional dos correspondentes contratos deberá efectuarse no prazo máximo de 20 días naturais, contados dende aquel en que se soliciten as ofertas.

Para que a adxudicación provisional sexa elevada a definitiva, o adxudicatario deberá presentar a seguinte documentación:

-Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, que incluíra ademais a certificación de atoparse ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

- Xustificante da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida. Cando así se admita en dicho Cadro de características, a constitución de estas garantías podeá acreditarse por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

-Cando se esixa expresamente de acordo co disposto no artigo 53.2 de la Ley, a documentación acreditativa de que o adxudicatario dispón dos medios materiais e persoais que específicamente deba adscribir á execución do contrato.

A adxudicación provisional deberá elevarse a definitiva mediante resolución motivada dentro dos cinco días hábiles seguintes a aquel en que remate o prazon establecido no artigo 17.1b) do Real Decreto Lei 13/2009, de 30 de outubro (10 días hábiles)

Cando os licitadores teñan concurrido en Unión Temporal de Empresas, a escritura de constitución deberá aportarse antes da formalización do contrato.

Igualmente, cando se esixa ó adxudicatario que concerte algún tipo de seguro, antes da formalización do contrato, deberá aportarse a póliza correspondente.

22. Responsable do contrato, dirección da obra e delegado de la obra.

O órgano de contratación poderá designar unha persoa responsable do contrato conforme se establece no artigo 41 da Lei de contratos do sector público.

O Director de obra que se designe polo órgano de contratación exercerá as funcións de dirección, inspección, comprobación e vixilancia necesarias para a correcta execución da obra contratada. O Director das obras poderá estar auxiliado polo personal que o órgano de contratación designe.

O Delegado de obra do contratista deberá ser un técnico titulado, con experiencia acreditada en obras de semellante natureza ás que son obxecto deste contrato.

23. Comprobación do replanteo e programa de traballos.

No prazo de quince días naturais como máximo, contados a partir da data de formalización do contrato deberá realizarse o replanteo e estenderse a acta relativa ó mesmo.

O adxudicatario deberá presentar un programa de traballos para que sexa aprobado polo órgano de contratación. Dicho programa deberá presentarse nun prazo non superior a quince días naturais dende a formalización do contrato e desenvolverá o presentado coa súa proposición, que non poderá modificar ningunha das condicións contractuais. Á vista do mesmo, o órgano de contratación resolverá sobre a súa aplicación, incorporándose ó contrato.

24. Plan de seguridade e saúde no traballo.

No prazo de quince días naturais dende a notificación da adxudicación definitiva o contratista presentalle ó Órgano de contratación o Plan de seguridade e saúde no traballo, que será informado no prazo de cinco días naturais sobre da procedencia da súa aprobación.

En todo caso, o prazo máximo para a aprobación do Plan de seguridade e saúde no traballo será dun mes dende a sinatura do contrato. Se, por incumplir o contratista os prazos

indicados no parágrafo anterior, no fose posible empezar as obras ó recibir autorización para o inicio das mesmas, non poderá reclamar ampliación algunha de prazo por este motivo.

25. Prazos.

O adxudicatario estará obrigado ó cumprimento do prazo total fixado para a realización do contrato, así como dos prazos parciais que, de ser o caso, se houberse establecido, que comezarán a contar para o adxudicatario a partir do día seguinte á sinatura da acta de comprobación do replanteo.

26. Réxime de pagamentos

O pagamento efectuarase mediante certificacións mensuais dos traballos efectuados que se aboarán de conformidade co establecido nos artigos 200 e 215 da Lei de Contratos do Sector Público e 147 e seguintes do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

De conformidade co disposto no artigo 17.5 do Real Decreto-Lei 13/2009, de 26 de outubro, os concellos terán a obriga de aboarlle ó contratistas o prezo das obras dentro dos trinta días naturais seguintes á data de expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización parcial ou total do contrato.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a prevista para que as obras se executen en prazo ou prazos contractuais, agás que, a xuízo da Dirección de obras, existisen razóns para estimalo inconveniente. Non obstante, non terá dereito a percibir en cada ano, calesquera que sexa o importe do executado ou das certificacións expedidas, maior cantidade que a consignada na anualidade correspondente

As certificacións así expedidas só devengarán xuros por demora dende a data sinalada no artigo 152 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

O contratista terá dereito a percibir tamén abonos a conta nos termos establecidos nos artigos nos artigos 200.3 da Lei de Contratos do Sector Público e 155 e 156 do Regulamento. En calquera caso, esixiráselle a constitución de garantía en forma de aval, ou outra admitida pola Lei.

Serán por conta do contratista adxudicatario os gastos derivados da publicidade das obras, segundo o establecido nas Disposición Adicional Séptima do Real-Decreto Lei 9/2008.

27. Condicións especiais de execución.

Será condición de execución do contrato ó que se refire este prego, de conformidade co disposto no artigo 9.2 do Real Decreto-Lei 13/2009, de 26 de outubro, que o novo persoal que o contratista necesite empregar para a execución das obras se atope en situación de desemprego. A estos efectos, só se computarán os contratos realizados ou por realizar con traballadores desempregados inscritos no s Servizos Públicos de Emprego correspondentes como demandantes de emprego non ocupados e os realizados ou por realizar con traballadores autónomos que cesasen na súa actividade e que estean inscritos nos Servizos Públicos de Emprego correspondentes, como demandantes de emprego non ocupados.

A estes efectos e en función do disposto na Resolución de 2 de novembro de 2009, rematada la execución das obras os contratistas deberán presentar no concello, aparte da documentación requirida unha relación dos postos de traballo creados con identificación do nome, apelidos, DNI ou NIE dos novos traballadores contratados, así como a modalidade e periodo de vixencia dos seus contratos

28. Penalidades.

Impoñeranse penalidades ó contratista cando incurra nalgunha das causas prevista de seguido:

a) Por incumprimento das condicións especiais de execución. O incumprimento de calquera das condicións de execución establecidas neste prego dará lugar á imposición ó contratista das seguintes penalidades:

- Como regra xeral, a súa cuantía será un 1% do importe de adxudicación do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade

- Faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse ó contratista, ou sobre da garantía, conforme ó artigo 196.8 da Lei de Contratos do Sector Público.

O cumprimento polo adxudicatario das condicións especiais de execución poderá verificarse polo órgano de contratación en calquera momento durante a execución do contrato e, en todo caso, comprobarase no momento da recepción das obras.

Cando o incumprimento se refira á contratación de persoal nos termos indicados na cláusula anterior, será considerada como infracción moi grave ós efectos previstos no artigo 102.2 da Lei de Contratos do Sector Público sempre que o incumprimento supoña unha contratación de nova man de obra que non se atopase en situación de paro superior ó 50 % do total da contratada como nova.

b) Por cumprimento defectuoso: impoñeranse penalidades por cumprimento defectuoso nos seguintes termos:

- Se, no momento da recepción, as obras non se atopan en estado de ser recibidas por causas imputables ó contratista.

- Como regra xeral, a súa cuantía será un 1% do orzamento do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

- En todo caso, a imposición das penalidades non esimirá ó contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

c) Por incumprir criterios de adxudicación. Impoñeranse ó contratista penalidades por incumprir os criterios de adxudicación nos seguintes termos:

- Si, durante a execución do contrato ou no momento da súa recepción, se aprecia que, por causas imputables ó contratista, se incumpriu algún ou algúns dos compromisos asumidos na súa oferta, en especial os relativos ó volume da man de obra a utilizar na execución do contrato.

- Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ó descontarse un 25 por 100 da puntuación obtida polo contratista no criterio de adxudicación incumplido, resultará que a súa oferta non fose a mellor valorada.

- Como regra xeral, a súa cuantía será un 1% do orzamento do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

d) Por demora. Cando o contratista, por causas que lle fosen imputables, houberse incurrido en demora, tanto na relación co prazo total como cos prazos parciais establecidos,

estarase ó disposto en el artículo 196 da Lei de Contratos do Sector Público en canto á imposición destas penalidades.

29. Subcontratación.

A subcontratación rexirase polo disposto na Lei de Contratos do Sector Público (arts. 210 y 211) e na Lei 32/2006, de 18 de outubro, Reguladora da subcontratación no sector da construción.

En todo caso, e de conformidade co disposto no artigo 17.5 do Real Decreto-Lei 13/2009, de 26 de outubro, os contratistas deberán aboarlle ós subcontratistas o prezo pactado polas prestacións cuxa realización lles encomendasen no prazo máximo de trinta días naturais, computado dende a data da aprobación polo contratista principal da factura emitiida polo subcontratista .

Cando o contratista incumpra as condicións para a subcontratación establecidas no artigo 210.2 da Lei de Contratos do Sector Público ou o límite máximo especial establecido para a subcontratación imponse a penalidade regulada no artigo 210.3, con suxeición ó seguinte:

- Farase efectiva mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse ó contratista, ou sobre a garantía, conforme ó artigo 196.8 de la LCSP.

- Como regra xeral, a súa cuantía será un 5% do importe do subcontrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderá alcanzar ata un 10% ou ata o máximo legal do 50%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

30. Cumplimiento del contrato.

A recepción do contrato rexirase polo establecido no artigo 218 da Lei de Contratos do Sector Público e nos artigos 163 e seguintes do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

No momento da recepción comprobarase en particular o cumprimento polo contratista das seguintes obrigas:

1ª) O despexe final das obras, debendo o contratista ter restituído a súa situación inicial das zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas.

2ª) O cumprimento non defectuoso do contrato

3ª) O cumprimento dos criterios de adxudicación.

4ª) O cumprimento das condicións de execución.

Durante a execución do contrato a empresa adxudicataria informaralle ó órgano de contratación mediante a presentación da correspondente declaración acreditativa dos postos de traballo creados así como das altas de novos traballadores e das baixas que se produzan

31. Resolución do contrato.

A resolución do contrato rexirase polo establecido con carácter xeral nos artigos 205 a 208 da Lei de Contratos do Sector Público e especificamente para o contrato de obras nos artigos 220 a 222 da citada lei, así como nos artigos 109 a 113 e 172 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

En particular considerarase causa de resolución do contrato o suposto de incumprimento da condición de execución establecida na cláusula 28 no seu primeiro

parágrafo cando éste deba considerarse como moi grave de conformidade co establecido na cláusula 29.1 no seu último parágrafo.

En todo caso en caso de resolución do contrato por causa imputable ó contratista estarase ó disposto no artigo 208.4 da Lei.

32. Prazo de garantía.

O prazo de garantía será dun año e comezará a partir da data da recepción.

Durante este prazo aplicarase o establecido no artigo 167 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en canto ás obrigas do contratista, así como no relativo á facultade da Administración de, en caso de incumprimento, eexecutar a costa de aquél os traballos necesarios para a conservación da obra.

Todos los gastos que se ocasionen pola conservación das obras durante o periodo de garantía serán por conta do contratista non tendo dereito a ningunha indemnización por este concepto. Exceptúanse os danos ocasionados na obra por forza maior, que serán soportados pola Corporación, se ben ésta terá a facultade de esixirle ó contratista que realice as obras de reparación.

33. Liquidación

Transcorrido o prazo de garantía ó que se refire a cláusula anterior procederase á liquidación do contrato conforme ó disposto no artigo 179 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

34. Xurisdición.

As cuestións que poidan plantearse durante o desenvolvemento do contrato serán resoltas polo órgano de contratación. Os acordos para a súa resolución poñerán fin á vía administrativa, e poderán ser impugnados perante a Xurisdición contencioso-administrativa.

Vedra, 4 de marzo de 2010
O ALCALDE